

## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE ALUMNOS, ALUMNAS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 30 de setembro de 2020 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG do 8 de outubro), pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNOS E ALUMNAS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a dous **alumnos/alumnas**, dun total de catro que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes de alumnado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.

2.- Son electores todos os alumnos e alumnas matriculados no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as **14:00 horas do día 6 de novembro**.

3.- Son elixibles os alumnos e alumnas, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as **14.00 horas do citado día 4 de novembro**.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre o alumnado que non se presente como candidatos/as, **o día 11 de novembro, ás 10:10 horas**. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e dous alumnos/alumnas, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o **15 ao 17 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. O día 18 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos/as matriculados no Centro, que estean avalados cando menos pola firma de dez electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 19 de novembro, de 08:30 a 14:10 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 08:30 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **de un nome** dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

**Muros, 28 de outubro de 2024**

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: María José Gaute Rivas